

SECUNDARIA identidade territorial

GUÍA DO PROFESORADO

• GUÍA DO PROFESORADO

- INTRODUCIÓN 3

- OBXECTIVOS 3

- SEGUIMENTO DA UNIDADE 4

1.- ACTIVIDADES INICIAIS 4
- 1.1.- O pasado segue presente 4
- 1.2.- A ruptura co pasado 5
- 1.3.- Os cidadáns opinan 5

2.- MODIFICACIÓNS HISTÓRICAS DA PAISAXE 6
- 2.1.- Os asentamentos castrexos 6
- 2.2.- A pegada dos romanos 6
- 2.3.- Aldeas e parroquias na Idade Media 7
- 2.4.- Os séculos modernos 9
- 2.5.- Os cambios contemporáneos 9

3.- OS PROBLEMAS ACTUAIS 11
- 3.1.- Densificación e caos construtivo 11
- 3.2.- Conxestión, tempo e infraestruturas viarias 12

4.-CARA AO FUTURO 13
- 4.1.- A eurorrexión Galicia-Norte de Portugal 13
  - 4.1.1.- Unha eurorrexión con certa coherencia económica 13
  - 4.1.2.- Vantaxes da planificación conxunta do territorio de Galicia e Norte de Portugal 14
- 4.2.- A necesidade da planificación 15

ILUSTRACIÓN: Plano da cidade de Santiago. Juan López Freire, 1796

IDENTIDADE TERRITORIAL

GUÍA DO PROFESORADO

ANTONIO DÍAZ OTERO
RAMÓN LÓPEZ FACAL
ELADIO FERNÁNDEZ MANSO
OLGA PEDROUZO VIZCAÍNO

INTRODUCIÓN

Condicións naturais específicas, procesos históricos diversos, formacións económico-sociais que se desenvolveron no tempo, foron confluíndo na creación dunha paisaxe que se foi conformando e adquirindo identidade ao longo dos séculos. Será, pois, a presente unha unidade didáctica na que conflúan necesariamente saberes de diferentes ámbitos: a historia, a xeografía humana, a ordenación do territorio e moitos outros.

Ningún deles debería primar senón que a necesaria interacción dos mesmos debe impoñerse para que se cumpran os obxectivos de área. É por iso normal que se bote en falta a análise detallada de determinados procesos que, de seguro, recibirán cumprida atención noutros momentos do dilatado currículo das Ciencias Sociais.

OBXECTIVOS

1.- Identificar algúns dos elementos básicos que conforman actualmente o territorio de Galicia, dende unha dobre dimensión:

a) a transformación e intervención humana na natureza (cómaros, socalcos, terras de labor, vías de comunicación,...)
b) as unidades básicas de poboamento: aldea, parroquia, vila, cidade, cidade difusa, área metropolitana.

2.- Comprender as orixes históricas da identidade territorial nos seus elementos máis perdurables e, tamén, das modificacións e cambios experimentados no decurso do tempo.

3.- Relacionar os elementos que configuran o territorio, tanto os seus aspectos máis duradeiros como os cambiantes, coas diferentes formacións económico-sociais e os cambios que nelas se produciron.

4.- Comparar os resultados de diferentes políticas de ordenamento do territorio (ou da súa ausencia) en diferentes ámbitos e niveis.

5.- Asumir que é preciso un ordenamento racional do territorio para evitar a súa degradación e para poder preservar e potenciar mellor os recursos dispoñibles para a poboación actual e as xeracións futuras.

6.- Comprender que nun mundo crecentemente interrelacionado, o desenvolvemento racional é contraditorio con políticas localistas que ignoran o conxunto do territorio no que están integrados.

SEGUIMENTO DA UNIDADE

Unha clara compoñente temporal percorre o conxunto da unidade e informa cada unha das súas partes. O primeiro dos apartados, as actividades iniciais, está planteado dende o presente, enfrontando o alumnado a unha reflexión sobre a realidade actual. O segundo, as modificacións históricas da paisaxe, lévanos pola súa propia esencia do pasado ao presente, mentres que no terceiro, cos problemas actuais, volvemos a ancorarnos na realidade actual. Conclúese cun cuarto apartado, cara ao futuro, que pretende abordar posibilidades e suxerir liñas de actuación. Quérese con este xogo temporal poñer de manifesto o carácter dobremente dinámico, tanto físico como histórico, das realidades espaciais, sobre as que sempre se deixou sentir a pegada antrópica. Necesariamente este tipo de valoracións temporais deberán ser postas de manifesto e destacadas convenientemente polo profesorado.

A continuación imos expoñer cales foron as intencións educativas e o sentido que agachan cada unha das actividades propostas para o equipo redactor.

1.- ACTIVIDADES INICIAIS

Como en todas as propostas de actividades iniciais, preténdese levar o alumnado a enfrontarse cunha problemática coa que logo se atopará na unidade. Utilízanse para isto tanto imaxes como preguntas que logo han comentarse na aula.

1.1.- O pasado segue presente

Quérese achegar o alumnado a unha primeira reflexión sobre a importancia do pasado na conformación das formas e realidades espaciais que hoxe percibimos. Recórrese, para isto, a dous tipos de imaxes: unhas relacionadas coa alteración do territorio e outras coa presenza de restos do pasado en zonas de habitación como pode ser a cidade de Lugo. Esta dobre utilización faise para poñer de manifesto que as intervencións humanas tamén se deron fóra do ámbito habitacional e que a elas se deben cousas tan importantes como a creación das terras de labor, a articulación de camiños, o establecemento de sistemas de cerre, etc...

IT-001

IT-002



IT-003

IT-004

IT-005

IT-006

Na primeira das diapositivas, **IT-001**, simplemente se mostra esta intervención en distintos lugares:

1.- Poboado en Nova Guinea
2.- Campos de cultivo no Xapón
3.- Socalcos na Ribeira Sacra
4.- Bancais no Sueste asiático

mentres que na segunda, **IT-002**, xa se formulan preguntas para unha primeira reflexión sobre estes elementos:

1.- Sucesión de leiras no concello de Arteixo (A Coruña)
2.- Aldea de Seceda na serra do Courel
3.- Socalcos nas ribeiras do Douro
4-5.- Diferentes formas de cerre -valado e chantos-

Por último, na diapositiva **IT-003**, preséntase:

1.- Unha fotografía aérea de Lugo
2.- Un plano da mesma cidade

co fin de que perciban que os espazos urbanos tamén son consecuencia dun proceso histórico determinado.

1.2.- A ruptura co pasado

Un segundo paso a dar é poñer o alumno/a diante de imaxes que lle permitan ver diferentes formas de actuación que supoñen unha ruptura co pasado. Esta pode concretarse na alteración de elementos básicos da paisaxe agraria ou ben da paisaxe urbana. Optamos por presentar somentes esta última e botar man de imaxes onde o impacto visual fose grande. Correspóndelle ao profesorado indicar que esta ruptura non se dá só neste nivel.

A diapositiva **IT-004** recolle as seguintes imaxes:

1.- Igrexa da Peregrina, de Pontevedra
2.- Muralla de Lugo, coa catedral ao fondo
3.- Arquivo de Betanzos con construción dos 70
4.- Imaxe do Berbés, de Vigo

que buscan sensibilizar sobre a inadecuación de determinadas intervencións e que plantean unha primeira toma de postura sobre a libérrima intervención na paisaxe urbana.

A diapositiva **IT-005** mostra dúas imaxes da ría de Ferrol:

1.- Fotografía aérea
2.- Mapa da ría (orixinal 1/50000)

que levan a formular preguntas sobre a problemática que conleva o actual crecemento urbano ao tempo que pode servirnos como exercicio de recoñecemento da realidade na súa representación no mapa.

A diapositiva **IT-006** recolle, simplemente, imaxes de diferente rango e características, coa pretensión de que os alumnos/as poñan de manifesto as súas opinións ante fenómenos urbanísticos diversos.

1.3.- Os cidadáns opinan

A través dunha batería de preguntas quérese que agromen determinados preconceptos e prexuízos sobre os que logo se volverá a traballar. Non se pretende que o alumnado dea resposta cabal a todas e cada unha das preguntas senón que se inicie un debate e se expoñan certas sensibilidades.

2.- MODIFICACIÓNS HISTÓRICAS DA PAISAXE

Preténdese facer aquí un percorrido histórico no que vaian aparecendo os elementos constitutivos da identidade territorial do noso país. Para iso parámonos naqueles momentos nos que xurdiron formas que tiveron logo unha continuidade histórica notable.

2.1.- Os asentamentos castrexos

Sendo conscientes de que a intervención humana sobre o territorio se produciu con anterioridade á etapa castrexa, acordamos sinalar esta como punto de partida por ser agora cando se deron as intervencións máis salientables e que tiveron unha maior continuidade no tempo. Non se pretende facer un estudo dos castros, da súa tipoloxía, da sociedade que os crea nin da súa relevancia. Quérese mostrar, unicamente, que neles se agacha unha primeira forma de ocupación do territorio que é común ao noroeste peninsular, e que isto tivo unha continuidade histórica prolongada da que, aínda hoxe, temos testemuños.

IT-007

Na diapositiva **IT-007** preséntanse dous mapas:

1.- Mapa político do noroeste peninsular

2.- Mapa coas zonas de expansión e influencia da cultura castrexa.

A través da pregunta formulada búscase que se decaten de que as realidades históricas e físicas non se adaptan ás divisións administrativas actuais.

Na diapositiva **IT-008**, aparecen os planos e fotografías de dous castros representativos:

1-3.- Castro de Baroña

2-4.- Castro de Viladonga

As actividades propostas buscan o razoamento sobre as formas de establecer as defensas, utilizando nun caso o mar (Baroña) e noutro o desnivel do terreo (Viladonga) plasmado nas curvas de nivel.



IT-008

Conclúese este subapartado cunha proposta na que se busca a observación do alumnado e a formulación de hipóteses. Preténdese que observen que o reparto espacial dos castros vén motivado, en boa medida, polos condicionamentos físicos do territorio: abundan máis na zona das Rías Baixas, arredor do Golfo Ártabro e nos principais vales fluviais, e escasean alí onde as condicións físicas son máis adversas: serras orientais e centrais. Para isto preséntaselles a diapositiva **IT-009** na que aparece a distribución espacial dos castros sobre un mapa físico de Galicia. Búscase coa derradeira das preguntas a traslación do razoamento que se acaba de facer ao norte do territorio portugués.

IT-009

2.2.- A pegada dos romanos

Obviando o aporte da civilización romana noutros eidos, centramos a nosa atención nalgúns aspectos que teñen que ver co organizativo e coa aparición de novas realidades: a creación de cidades e o establecemento dunha importante rede de calzadas.

IT-010

IT-011

Nas diapositivas **IT-010** e **IT-011** móstranse as novas divisións administrativas e xurídicas romanas que se pretenden contrastar coa realidade dos pobos que acollían. Destácase o respeto romano polas realidades preexistentes e a continuidade desta pegada mesmo na toponimia. A isto van encamiñadas as actividades propostas.

As diapositivas **IT-012** e **IT-013** recollen as principais cidades da Gallaecia así como as vías romanas deste territorio. Coas actividades búscase que exista unha reflexión por parte do alumnado sobre a continuidade histórica, dado que é factible observar como a rede de estradas actual coincide, en boa medida, cos antigos trazados: as autovías de comunicación coa meseta teñen tramos comúns coas vías XVIII, XIX e XX.

IT-012



IT-013

Por último, faise referencia á creación de dúas entidades significativas: as cidades e as villae, que logo evoluiron dando lugar a explotacións agrarias que viñeron a acompañar a un fenómeno constatado: o abandono dos castros -aínda que houbo momentos de reutilización dos mesmos-.

2.3.- Aldeas e parroquias na Idade Media

Segundo os estudosos, foi na etapa medieval cando se produciron cambios no territorio que levaron a que este adoptase unha fasquía moi semellante á que presentaba a Galicia de mediados do XX. Tan importantes e duradeiros cambios fixeron que nos detivésemos máis neste período que noutros, para dar cumprida conta da aparición de elementos básicos: a aldea, os vilares, os casais, a parroquia, etc...

IT-014

Principiamos facendo referencia a un feito notable: a implantación nas terras do noroeste peninsular dun pobo bárbaro, os suevos, que dotou a estas terras de unidade política diferenciada, **IT-014**. Xunto a isto falamos do seu proceso de cristianización e da aparición dunha institución chamada a ter unha enorme importancia: a parroquia. Esta institución, en orixe relixiosa, articulará a vida das pequenas comunidades campesiñas e chegará ata os nosos días sendo o referente fundamental da nosa poboación rural. Refírese a súa importancia en diferentes ámbitos para acadar unha forte cohesión social e logo plantéanselle aos alumnos/as unhas actividades en relación coa mesma, para que se decaten da súa relevancia.



IT-015

Na diapositiva **IT-015** recóllese un mapa das parroquias e freguesías de Galicia e Norte de Portugal, ámbito onde a importancia da parroquia segue igualmente viva. A proposta de actividades vai encamiñada a que o alumnado observe varios fenómenos: o tamaño das parroquias non é igual, sendo de menor tamaño nas zonas máis fértiles (pois alí se precisaba menor espazo para recoller abondo para manter ao clero) que nas que presentan dificultades orográficas (zonas montañosas de Galicia e norte de Portugal).

Un segundo bloque de preguntas está ligado á diapositiva **IT-016**, e persegue unha nova comparación: a distribución dos castros e a das parroquias. Aínda que con certas dificultades podemos ver como a distribución destas últimas mostra unha certa continuidade, aparecendo moitos menos puntos nas áreas de serras e sendo máis frecuentes nas bacias e vales fluviais.



IT-016

Abórdase logo a aparición dun elemento esencial na nosa paisaxe: a aldea. Tras definila e indicar as súas partes, nun intento de que non se identifique somentes cun núcleo construído senón cun entramado de edificación, terras e bosque, mándase realizar unha actividade a partir da diapositiva **IT-017**, na que aparecen tres imaxes:

1.- Aldea de Padrosos, en Crecente (Pontevedra)
2.- Un cómaro
3.- Unha corredoira entre cómaros

e consistente en percibir os elementos constitutivos dunha aldea. É fundamental que o profesor/a oriente no sentido de mostrar o esencial: núcleo habitacional, rede de camiños, agras de labor, e montes. Comprirá salientar, asemade, que esta unidade constituiu a rede de poboamento fundamental.

IT-017

O crecemento poboacional que ten lugar a partir do século XI levou á creación de novas entidades de distinto rango, tamaño e importancia, como os vilares, casais, ou grañas. O establecemento desta xerarquía e a súa impronta na toponimia é o que se busca coa actividade á que se refire a diapositiva **IT-018**: que se decaten da existencia dunha aldea primixenia, Tordoia, e da aparición logo doutras entidades: Vilar, Casal de Devesa,... Entendemos que debe quedar ao arbitrio do profesorado comentar ou non, neste intre, o papel levado a cabo polos mosteiros no proceso de colonización de novas terras.


IT-018

Por último, pareceunos importante dentro desta etapa, destacar o papel xogado polo Camiño de Santiago e polo renacer urbano que se deu nos séculos baixomedievais. A importancia da creación de Compostela e do fenómeno das peregrinacións debía quedar reflectido e para iso incorporamos a diapositiva **IT-019**, na que aparecen tres mapas:

1.- As vías romanas
2.- Os Camiños de Santiago en Galicia
3.- As principais vías do comercio medieval, coas vías e cidades.

Na primeira das actividades mándaselles relacionar as vías romanas e o Camiño francés -en cor azul-, que só en parte coinciden, mentres que na segunda volvemos a aprezar un aproveitamento de redes anteriores -continuidade histórica- así como o xurdimento de novas realidades -cidades e vilas costeiras- que son consecuencia da aparición dun novo fenómeno: o comercio baixomedieval.

IT-019

Para que poidan observar que o Camiño non só afectou ao establecemento dunha rede viaria e ao nacemento de pequenos burgos, propónselles a realización dunha actividade arredor da diapositiva **IT-020**. Nela recóllese a imaxe e plano da aldea de Leboreiro, sita no Camiño. Búscase que se decaten de que a súa estrutura é diferente á das outras aldeas, adoptando unha forma lonxitudinal, estendéndose o casarío ao longo do camiño, o que dá a entender a súa pluralidade de funcións: a maiores da agrícola, a asistencial de peregrinos.

IT-020

IT-021

IT-022

IT-023





IT-024



IT-025



IT-026

Conclúe este subapartado cunha proposta destinada a poñer de manifesto o cambio e a continuidade históricas. Na diapositiva **IT-021** móstraselles nun debuxo a conformación da Compostela medieval (imaxe **1**) e un plano da actual cidade (imaxe **2**), coa finalidade de que sexan quen de recoñecer a traza medieval no plano. A forma de améndoa do recinto medieval pode axudarlles a facelo.

2.4.- Os séculos modernos

Neste período histórico planteamos como obxectivo que o alumnado perciba con claridade dúas realidades destes séculos: o escaso peso demográfico das cidades galegas e a notable importancia demográfica de Galicia no conxunto do estado.

As primeiras preguntas formuladas pretenden facer notar o escaso número de habitantes urbanos cos que contaba Galicia no século XVI, así como o cambio en importancia experimentado polas diferentes cidades galegas, encabezadas daquela por Pontevedra que era a cidade máis populosa. Utilízase o cadro 1, acompañado da diapositiva **IT-022** na que aparece o mapa do Reino de Galicia e as sete provincias, o que lle dá sentido.

Reforzando os datos dos cadros estatísticos nos que se presenta o peso demográfico da poboación galega sobre o total español, na diapositiva **IT-023** móstranselles dous mapas de densidades de finais do XVI e finais do XVIII.

Outro fenómeno de importancia acaecido nesta época foi o reforzamento do peso demográfico da costa fronte ao interior, circunstancia que tivo moito que ver coa penetración costeira do millo -a partir de mediados do século XVII-. As actividades planteadas a continuación, e que teñen que ver coas diapositivas **IT-024** e **IT-025**, nas que se recolle a extensión do cultivo do millo e as densidades de poboación, perseguen que os alumnos/as sexan quen de establecer a antedita relación e vexan que con este feito estábase a reforzar o predominio demográfico da costa.

Conclúese o apartado facendo referencia á fixación da paisaxe agrícola rural onde, seguindo a Abel Bouhier, establecemos tres áreas: a zona costeira do sudoeste, a de Fisterra a Ribadeo e a chamada Galicia interior. Para reforzar visualmente isto inclúese unha diapositiva, a **IT-026**, coa intención de que asocien as imaxes a cadansúa zona.

1.- Socalcos na Ribeira Sacra (zona C)
2.- Campos pechados na Ulloa (zona C)
3.- Agras no Baixo Miño (zona A)
4.- Agras da comarca de Arzúa (zona B)

2.5.- Os cambios contemporáneos

Trátase neste subapartado de dar conta dos cambios contemporáneos, referindo os principais deles. Primeiramente, e seguindo a tónica da etapa anterior, recóllese un cadro estatístico no que se pode aprezar a caída imparable do peso demográfico de Galicia no conxunto do estado.

A pregunta que se lle formula aos alumnos/as vai encamiñada a falar da aparición, con moita forza, do fenómeno emigratorio na Galicia do século XIX.

Preténdese, logo, que cos mapas propostos na diapositiva **IT-027**, e nos que se recollen as densidades de poboación en 1900 (imaxe **1**), 1950 (imaxe **2**) e 1991 (imaxe **3**), sexan capaces de percibir o reforzamento poboacional do corredor costeiro, en torno ao eixo da N-550, e que leva dende as Rías Baixas até o Golfo Ártabro, pasando por Santiago. Para que poidan recoñecer as aglomeracións interiores, facilítaselles un mapa coas principais vilas, o que debe permitirlles recoñecer as concentracións de Lugo, Ourense, Mariña luguesa -arredor de Viveiro e Foz-, Monforte, Verín, O Barco e O Ribeiro. Neste intre bótase unha mirada cara atrás mandándolles mirar os mapas de distribución espacial de castros e parroquias que nos falan dunha certa continuidade histórica no poboamento. Ademais, preténdese que formulen hipóteses explicativas dos procesos de concentración e de despoboamento, para o que o profesor/a debe facilitarlles pistas, referíndose ao proceso industrializador -zona do Barco-, ao desenvolvemento de actividades pesqueiras -norte de Lugo-, ao aumento de producións vitícolas -Ribeiro-, etc...



IT-027

Ademais do desprazamento cara á costa, destacamos a importancia que cobra o fenómeno urbano e, para iso, móstrase o cadro estatístico que recolle o aumento das cidades galegas. As actividades encamíñanse a que sexan capaces de percibir o maior peso das cidades e, por outra banda, a que se decaten de que a importancia numérica destas é cambiante no tempo, non existindo un predominio permanente por parte de ningunha delas.

IT-028



IT-029

Completamos esta referencia ás cidades cunha proposta de traballo procedimental, para que se acostumen a comparar mapas e a interpretalos correctamente. Trataríase de utilizar os mapas da Coruña e Vigo, das diapositivas **IT-028** e **IT-029**, para que fosen quen de recoñecer a gran superficie urbanizada nos derradeiros corenta anos en ámbalas dúas cidades.

Para rematar, fálaselles das novas tendencias que na ocupación do territorio se están a observar nos últimos vinte anos, e entre as que cabe destacar o crecemento das vilas, tanto costeiras como interiores; os procesos de periurbanización, co crecemento extraordinario nalgúns casos dos concellos que rodean ás grandes cidades, **IT-030**; a aparición do que se vén en chamar cidade difusa e, por último, a creación dunha urbanización difusa que percorrería nun eixo norte-sur o occidente galego e portugués, dende Ferrol até Porto.

IT-030

A diapositiva **IT-031** pretende ilustrar algunha destas realidades e, así, mostra nas imaxes **1** e **2** o hábitat que rodea Vigo, no que se pode aprezar con claridade o concepto de cidade difusa, que acollería dende unha cidade central, compacta, até núcleos rurais próximos, de antiga ou recente construción, ou dotación de servizos. A imaxe **3** recolle a actividade de construción en Galicia e Norte de Portugal nos últimos anos e reforza con claridade a idea, xa expresada, de continuo poboacional.


IT-031

3.- OS PROBLEMAS ACTUAIS

Moitos, de moi diverso tipo e rango e con desiguais posibilidades de actuación son os problemas que afectan hoxendía á ocupación do territorio. Sendo conscientes disto e de que o planteamento de moitos deles desbordaría a capacidade de análise do alumnado ao que vai dirixida esta unidade, optamos por centrar o noso estudo nalgúns, moi relevantes pero en absoluto únicos, de tal xeito que se o profesor/a quixese incorporar calquera outro podería facelo sen por iso desvirtuar a unidade do conxunto. Debemos indicar, tamén, que entendemos que esta parte da unidade debía reforzarse visualmente, collendo as imaxes un protagonismo que até o momento non tiveran por mor do tratamento máis historiográfico da parte anterior.

3.1.- Densificación e caos construtivo

A través da observación de imaxes preténdese poñer ao alumno/a diante dalgúns dos "pecados" do noso urbanismo. Utilízanse para iso as diapositivas **IT-032** e **IT-033**.

IT-032

Na **IT-032** aparecen tres imaxes:

1.- Unha rúa calquera das nosas cidades, neste caso correspondente ao ensanche santiagués.
Quérese chamar a atención sobre a edificación en altura que asombra as rúas e non permite un soleamento axeitado, así como sobre a presenza de vehículos que teñen un excesivo protagonismo nas paisaxes urbanas.

2.- Recolle unha torre no medio dun entorno rural nun concello da área metropolitana da Coruña.
Debería alertarse sobre a inadecuación do emprazamento e do volume que racha coa escala das construcións rurais próximas.

3.- Perspectiva urbana de Vigo.
Plásmanse algúns dos defectos dunha inexistente planificación: ruptura de volumes e excesivas alturas, inadecuación á topografía, carencia de espazos libres, etc...

IT-033

Na **IT-033** atopamos novas imaxes con problemáticas semellantes ou, ás veces, novas. Estas son:

1.- Perspectiva urbana do barrio de Monte Alto, na Coruña. Volve a quedar de manifesto o amoreamento das construcións, a inexistencia dunha regulación das alturas, etc...

2.- Imaxe dunha rúa da vila de Muros.
Recolle a carencia de regulacións básicas: elevación da vivenda orixinal, cableado profuso e sen control,...

3.- Perspectiva urbana de Arteixo.
Patentízase a mestura de espazos, nos que pretendidamente conviven as instalacións industriais e as zonas de vivenda. Ao fondo, á dereita, é perceptible a cheminea dunha central térmica.

4.- Asentamento de chabolas na Coruña.
Perspectiva urbana que recolle en primeiro termo un asentamento chabolista, o que fala ben ás claras da insuficiente resposta dada na nosa sociedade ao problema da vivenda.

Tras esta serie de imaxes que o profesor/a debe ir comentando cos alumnos/as na clase, incluímos unha nova diapositiva, a **IT-034**, na que se pretende provocar a reflexión sobre outro dos fenómenos actuais: a absorción e fagocitación de núcleos por parte da cidade difusa. As imaxes escollidas para a exemplificación son as seguintes:

1.- Panorámica na que se pode aprezar a ría do Burgo na periferia da Coruña, co hábitat circundante, composto por novas edificacións e tamén por núcleos preexistentes.

2.- Núcleo de casas de Vioño, na cidade da Coruña, no medio dunha pequena área rural e rodeado de novas edificacións.

3.- Núcleo de casas de San Roque de Afora, na Coruña, practicamente comesto polas construcións en altura, e cinguido polo novo paseo marítimo.

IT-034

Tras esta serie de imaxes que, recordamos, debe ir comentando o profesor/a para unha mellor comprensión do alumno/a, plantéanselles preguntas que teñen que ver especialmente cos custos sociais e económicos deste tipo de crecemento. Pretendemos achegalos á reflexión sobre aspectos básicos: necesidade de racionalizar e planificar o crecemento; concepción da ordenación do espazo público como algo colectivo, social; necesidade de entender a ocupación do espazo como algo máis ca mera construción, debido a que cómpre establecer dotación de servizos, de infraestruturas viarias, etc... Finalmente formúlaselles unha pregunta encamiñada á reflexión sobre un aspecto de capital importancia: a toma de decisións. Inténtase que apareza un posible debate sobre a superación de posturas cerradamente localistas.

3.2.- Conxestión, tempo e infraestruturas viarias

Outra das problemáticas que cremos oportuno poñer en consideración é a derivada da utilización, cada vez máis masiva, do automóbil. Para isto, e antes de plantear preguntas pareceunos oportuno poñer unha serie de exemplos que poñen de manifesto o recente cambio na nosa concepción espacial. A necesidade de contemplar as distancias non tanto en quilómetros senón en tempo de desprazamento, está a alterar a nosa percepción espacial tradicional. A utilización de gráficas de isocronas está sendo cada vez maior e fálanos da necesidade de outorgarlle un papel preponderante ao factor tempo.

As imaxes **1** e **3** da diapositiva **IT-035** recollen aspectos da saturación das rúas das nosas cidades, mentres que a imaxe **2** fai o propio coas colas, atascos e caravanas característicos das saídas das grandes urbes. Trataríase de que os alumnos/as debatan e comenten estas imaxes e as poñan en relación co visto no apartado anterior, onde xa se facía alusión a estes temas da comunicación na cidade difusa.

Outro punto de reflexión que planteamos é o do impacto medioambiental provocado pola construción das grandes obras de infraestrutura. Servímonos para iso da diapositiva

IT-035

IT-036

IT-036 na que se presentan catro imaxes:

1.- Avenida da Vedra, na Coruña
2.- Autovía do Noroeste ao seu paso por Pedrafita
3.- Ponte de Rande
4.- Paso do tren por Ponte Ulla

As imaxes **2** e **3** recollen o impacto provocado pola construción de tramos de autovía ou autoestrada: Conviría sinalar a aparición de fortes taludes ou noiros desprovistos de vexetación, a ruptura da cadencia das montañas, a ocupación de terras fértiles, a interrupción da continuidade visual, etc... A imaxe **1** marca unha actuación de signo contrario e pretende servir de contrapunto: a combinación de áreas verdes, espazosas, con grandes infraestruturas non ten por que causar efectos negativos.

A conclusión a extraer sería a necesidade de levar a cabo a construción das infraestructuras cun coidado exquisito por minorizar o impacto ambiental, entendendo a paisaxe como un valor a preservar, do que a imaxe **4** sería un bo exemplo.

4.- CARA AO FUTURO

Trascender o presente e concluír cunhas reflexións cara o futuro pareceunos que era pertinente nunha unidade que non quixese quedarse somentes nun recordatorio da evolución histórica. A identidade territorial e a ordenación do territorio teñen na prospectiva un complemento necesario para dotalas de futuro. Esta foi a razón de que planteásemos este primeiro subapartado.

4.1.- A eurorrexión Galicia-Norte de Portugal

Dentro das indicacións facilitadas pola Unión Europea para promover o desenvolvemento das súas diferentes rexións, aparece en lugar destacado a creación de áreas transfronteirizas que se complementen e optimicen os seus recursos e potencialidades. A área composta por Galicia e o norte de Portugal constitúe unha eurorrexión de enorme dinamismo que pode ser resorte e panca de desenvolvementos futuros. Isto é o que se pretende mostrar nas liñas que seguen e para iso buscouse achegar algúns datos clarificadores ao alumnado.

4.1.1.- Unha eurorrexión con certa coherencia económica

Varios son os puntos para a reflexión que se propoñen. En primeiro lugar pártese dun feito obxectivo e facilmente constatable: a excentricidade de Galicia e do norte de Portugal respecto aos lugares onde se toman as decisións da Unión Europea. Para facer ver isto propóñense dúas imaxes na diapositiva **IT-037**:

1.- Mapa de densidades da Unión Europea
2.- Mapa de densidades da Península Ibérica



IT-037

Na primeira delas, recóllense sobre o mapa de densidades os dous grandes arcos de poder europeos: por unha banda, a chamada Gran Dorsal, e pola outra o denominado Arco Mediterráneo. Alonxada de ambos centros atópase Galicia.

Na imaxe **2** recóllense as densidades de poboación da península ibérica, dato que resulta tremendamente revelador pois permite aprezar que é a eurorrexión galego-portuguesa a que marca as máis altas cotas de densificación.



IT-038

De seguido dáse conta da creación do denominado Eixo Atlántico e da eurorrexión ou Pacto do Eixo Atlántico e, de novo, recóllense mapas suficientemente indicativos, como os da diapositiva **IT-038**, nos que aparece sinalada con cor violeta a eurorrexión e se reiteran os mapas de densidades, neste caso de Galicia e Portugal, confeccionados ambos os dous con datos do ano 2000. Queda patente, novamente, a potencialidade demográfica da zona e, consecuentemente, a económica.

Unha vez introducida esta idea expóñense algunhas das razóns que permitirían falar de beneficios á hora de abordar unha maior cooperación:

1.- Coméntase, a través do primeiro dos cadros estatísticos, que a suma dos potenciais demográficos de Galicia e o Norte de Portugal, achéganos a un umbral que fai equiparable esta eurorrexión a calquera das zonas máis densamente poboadas da península, caso de Cataluña ou da Comunidade de Madrid. A reflexionar sobre este dato destínanse as preguntas formuladas.

2.- A través da análise dos datos demográficos pódese ver que o norte portugués supón un claro factor de rexuvenecemento da poboación galega, fortemente envellecida. Nova vantaxe que salta á vista.

3.- Existencia dunha forte corrente de intercambios comerciais xa existentes que, de continuar, poden ter un efecto claramente multiplicador. Ademais, cómpre facerlle ver ao alumnado que a balanza comercial decántase polo momento, dun xeito claro, do lado galego, polo que o incremento das relacións comerciais co norte portugués supón a consolidación dun mercado natural que xa se dera noutros momentos da historia.

Somos conscientes de que a complexidade das relacións económicas non é campo que permita introducir estas ideas con facilidade. En calquera caso, entendemos que desbotar prexuízos e abrir novas perspectivas é colleita dabondo.



IT-039

4.1.2.- Vantaxes da planificación conxunta do territorio de Galicia e Norte de Portugal

De novo van ser as infraestruturas elemento que nos permita provocar unha reflexión no alumnado. Combínase información gráfica recollida en dúas diapositivas con cadros estatísticos.

A diapositiva **IT-039** recolle o estado actual da rede de estradas en Galicia e no norte portugués.

IT-040

A diapositiva **IT-040** recolle unha tripla imaxe:

1.- Actual rede ferroviaria galega
2.- Rede ferroviaria de alta velocidade prevista
3.- Traxectos internacionais actualmente ofertados por RENFE.

Pola súa banda, os cadros estatísticos fan referencia ao tráfico portuario e aeroportuario.

A proposta de actividades que se fai debe ser contemplada como aberta, é dicir, somentes vai encamiñada ás reflexións que agora imos poñer de manifesto:

1.- A dinamización económica dunha rexión require dunha adecuada dotación infraestrutural.

2.- O proceso de creación das grandes infraestruturas (rede de autoestradas, de ferrocarril, de portos, etc...) debería contemplarse dende unha perspectiva conxunta, dado que disto se tirarían beneficios para as dúas partes. Caso especialmente significativo e expresivo pode ser o trazado ferroviario: se non unimos as demandas galegas á conexión portuguesa, a nosa excentricidade acentuaríase notoriamente. Cómpre, en consecuencia, ter unha mirada transfronteiriza.

3.- As grandes redes viarias son elementos dunha tal entidade que non deben quedar supeditadas a intereses localistas, e requiren unha visión de longo e amplo alcance.

4.- Nunha Unión Europea aberta e cada vez máis interconectada, a organización do territorio debe recoller realidades de base, como os fluxos comerciais e os intercambios de todo tipo, máis alá dos corsés impostos por realidades históricas nacidas noutra época.

Cómpre ter presente, por último, que non se pretende neste apartado que o alumnado presente propostas que rebordan con moito a súa capacidade de análise, tan só interesa o seu achegamento á reflexión e a superación de ríxidos esquemas mentais nos que está inserido.

4.2.- A necesidade da planificación

Este apartado está concebido a modo de colofón, para transmitir a idea motor de toda a unidade: o noso territorio goza dunha identidade de seu que se foi conformando ao longo dos séculos. Sobre o mesmo, os homes actuamos e debemos facelo conforme a uns criterios racionais socialmente admitidos e politicamente acordados. Cómpre, pois, planificar as nosas actuacións para que non se dean nunca máis realidades como as que mostra a diapositiva **IT-041** e se poidan levar a cabo actuacións razonables, como as recollidas na diapositiva **IT-042**. Esta planificación require da participación de todos, a distintos niveis e ámbitos, e debe efectuarse dende unha perspectiva global, aínda que o marco de actuación sexa local.

Non incluímos aquí actividades a responder directamente polo alumnado senón as diapositivas xa citadas para que se comenten colectivamente na clase. Propoñemos, de seguido, algunhas ideas para o comentario.

A primeira delas, **IT-041,** mostraría exemplos que reflicten o descontrol, o caos construtivo, a ausencia de norma e a falta de planificación:

1.- Muxía
A vulneración de alturas, a ruptura no equilibrio dos volumes, a escasa integración no medio, o nulo respeto polo conxunto artístico da igrexa, a sensación de falta de ordenación serían outros tantos comentarios que poderían facerse á vista da imaxe.

2.- Perspectiva da Ronda de Outeiro, A Coruña
Moitos dos erros xa veñen de ser sinalados: masificación, saturación de espazos, macizamento, ruptura de volumes, etc...

3.- Periferia difusa nos arredores da Coruña.
A planificación brilla de novo pola súa ausencia. Combinación de vivendas unifamiliares con outras de pisos, alturas diferentes, alternancia de vivendas e naves comerciais e industriais, inexistencia dun viario adecuado que facilite as comunicacións, saturación do espazo, inexistencia de dotacións, etc...

IT-041

A segunda, **IT-042,** recolle tres propostas ben diferenciadas tanto no tempo como na súa concepción:

1.- Cidade Xardín da Coruña
Proxecto que data de 1921, e que pretendía daquela conseguir unha certa fusión das vantaxes da vida urbana e da vida en contacto coa natureza. Rúas ordenadas, vivendas unifamiliares de tipoloxía semellante, espazos verdes para disfrute dos residentes, densidade razonable, etc... serían outras tantas das vantaxes que pode ofertar a zona pese a algunha intervención posterior que alterou, en parte, o sentido orixinario.

2.- Barrios de Elviña e Eirís. A Coruña
Na toma aérea pódese aprezar na zona inferior esquerda unha parte do barrio de Elviña e no ángulo superior dereito unha parte do barrio de Eirís. Os bloques do polígono de Elviña presentan todos eles unha orientación N-S e pese á súa elevada altura dispoñen de espazo que permite unha correcta aireación e iluminación; teñen entre si pequenos espazos verdes e un corredor verde atravesa tamén o barrio, reservándose un espazo central como aparcadoiro. Responde, polo tanto, a unha planificación racional, herdeira, en boa medida das propostas do movemento moderno que, aínda que con limitacións, supuxo na súa época unha notable mellora sobre os stándares de vida existentes. Contrasta con esta parte a do ángulo superior dereito, realizada despois no tempo pero que reflicte algúns dos defectos máis comúns das nosas cidades: rúas corredor estreitas, escaseza de espazos comúns, mala estrutura viaria, inexistencia de planificación dotacional, etc... Este contraste debería ser aproveitado á hora de facer o comentario.

3.- Urbanización Icaria en Oleiros. A Coruña
Partindo da idea da construción de chalets adosados amosa detalles dunha correcta planificación que cómpre destacar: a orientación dos chalets é a adecuada; as áreas verdes de disfrute colectivo están apartadas das zonas de circulación dos vehículos, que quedan reducidas ao mínimo; contémplanse zonas de equipamento colectivo; o acceso ás zonas verdes pode efectuarse sen ser a través das casas; etc...

IT-042